

CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 (CÁTEDRAS DE UNIVERSIDADE, TITULARIDADES DE UNIVERSIDADE E PROFESORADO PERMANENTE LABORAL)

O Consello de Goberno do 1/03/2024 aprobou a Oferta de Emprego Público (OEP) de PDI do ano 2024. Tras a autorización por parte da Xunta de Galicia, queda pendente a publicación no Diario Oficial de Galicia.

O Consello de goberno de 5/6/2024 aprobou o Regulamento polo que establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña que habilita á Vicerreitoría de Profesorado para realizar a convocatoria de cara á selección de cátedras de universidade, titularidades de universidade e prazas de profesor/a permanente laboral segundo os procedementos recollidos no citado regulamento en virtude do que se realiza a presente convocatoria.

Bases da convocatoria

1. Finalidade

A finalidade desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento nas que se realizará a convocatoria pública dos concursos seguintes, correspondentes á oferta de emprego público do ano 2024 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno do 01/03/2024:

- 11 prazas de acceso por promoción interna ao corpo de Catedráticos/as de Universidade, das que 1 se reserva para persoas con discapacidade.
- 15 prazas de acceso ao corpo de Titulares de Universidade, das que 1 se reserva para persoas con discapacidade
- 6 prazas de acceso á categoría de Profesor/a Permanente Laboral¹, das que 1 se reserva para persoas con discapacidade

2. Requisitos das persoas candidatas

As persoas que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas das categorías relacionadas a continuación deberán reunir os respectivos requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

2.1. Concursos de Catedrático/a de Universidade

- Ter a condición de Titular de Universidade ou Catedrático/a de Escola Universitaria con praza en posesión na Universidade da Coruña e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo esa condición
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Catedráticos/as de Universidade

2.2. Concursos de Profesor/a Titular de Universidade

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Contratado/a Doutor/a permanente, de Profesor/a Permanente Laboral ou de Axudante Doutor/a LOU.

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Profesores/as Titulares de Universidade

2.3. Concursos de Profesor/a Permanente Laboral

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Axudante Doutor/a LOU.
- Estar en posesión dunha avaliación positiva para acceder á categoría de Profesor/a Permanente Laboral

2.4. Reserva de prazas para persoas con discapacidade

Para ser admitido/a no presente procedemento para calquera das prazas reservadas para persoas con discapacidade, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas desta reserva, ademais de reunir os requisitos indicados para a categoría correspondente, deberán xustificar un grao de discapacidade superior ou igual ao 33% na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao anexo I desta convocatoria e dirixiranse á Vicerreitoría de Profesorado da Universidade da Coruña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. Atendendo ao disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, o/a interesado/a deberá presentar a súa solicitude exclusivamente a través do rexistro electrónico da Sede Electrónica da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register.

Coa instancia achegarase necesariamente unha copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Catedráticos/as de Universidade ou Profesores/as Titulares de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou pola ANECA, ou da avaliación positiva para Profesor/a Contratado/a Doutor/a asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a resolución de acreditación pola ANECA.

As persoas interesadas autorizan á Universidade da Coruña a publicación, só para os efectos desta convocatoria, dos datos relativos á súa antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e da data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedráticos/as de Universidade ou Profesores/as Titulares de Universidade, ou a avaliación positiva para Profesor/a Contratado/a Doutor/a, segundo o caso.

No caso de optar por unha das prazas da reserva para persoas con discapacidade, achegarase ademais unha copia simple actualizada da certificación do recoñecemento do grao de discapacidade.

As persoas que quedaron fóra das prelacións para cada un dos corpos docentes e/ou categorías na relación definitiva de admitidos/as da Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2023 en relación á convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade, de Profesor/a Titular de Universidade e de Profesor/a Contratado/a Doutor/a (Resolución de 25/04/2023) non terán que presentar unha nova solicitude e inclúense de oficio e a título informativo nos anexos II e III en relación ordenada alfabeticamente.

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Vicerreitoría de Profesorado ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de persoas admitidas e excluídas que solicitaron a convocatoria na súa área de coñecemento dunha praza de Catedrático/a de Universidade, de Profesor/a Titular de Universidade ou de Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Esta relación publicarase na Sede Electrónica da UDC.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante a Vicerreitoría de Profesorado no prazo de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, comunicarase polos mesmos medios a prelación definitiva das persoas candidatas.

5. Criterios para o establecemento da prelación

Coas solicitudes que cumpran os requisitos de participación, a Vicerreitoría realizará a prelación correspondente tendo en conta os seguintes criterios:

5.1. Concursos de Catedrático/a de Universidade e de Titular de Universidade:

- A primeira orde establecerase tendo en conta a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.
- No caso de empate na data de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contén con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña, entendida como a recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e da recoñecida no expediente persoal nos programas de formación posdoutoral.

O resultado da antigüidade expresarase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o que primeiro accedese a un dos corpos ou categorías de profesorado.

- O resultado da prelación das cinco primeiras prazas de Catedrático/a de Universidade dará lugar á convocatoria dunha praza por cada rama de coñecemento. Nas seguintes prazas non existirá ningunha restrición de rama. Estas ramas serán as correspondentes á Comisión de Acreditación que conste no Certificado de Acreditación Nacional. Nas prazas de Titular de Universidade non se terá en conta a rama de coñecemento.
- O resultado da prelación das primeiras prazas de Titular de Universidade corresponderán ás candidaturas do profesorado Contratado Doutor ou Permanente Laboral. No caso en que as candidaturas seleccionadas non cubran todas as prazas ofertadas, seleccionárase entre as candidaturas presentadas polo profesorado Axudante Doutor LOU.
- No caso de presentarse candidaturas para a reserva de prazas para persoas con discapacidade, se o número de candidaturas fose superior ás ofertadas, seguirase a orde establecida nos criterios anteriores. O/A candidato/a que non obteña unha

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



destas prazas reservadas, incluírase na prelación ordinaria no lugar que lle corresponda.

5.2. Concursos de Profesor/a Permanente Laboral:

- O resultado da prelación das primeiras prazas corresponderá ás candidaturas do profesorado afectado pola disposición transitoria terceira dos Estatutos da UDC. Seleccionarase a continuación entre o profesorado Axudante Doutor/a LOU.
- Antigüidade como acreditado/a a Profesor/a Titular de Universidade ou antigüidade na avaliación positiva para Profesor/a Contratado/a Doutor/a a 1 de xaneiro de 2024: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano valoraranse de forma proporcional. Máximo: 6 puntos. Tomarase como referencia a data da resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a data de efectos que se recolle na resolución de acreditación pola ANECA. No caso de acreditación a Titular de Universidade tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades.
- Antigüidade como Persoal Docente na UDC, a 1 de xaneiro de 2024: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano valoraranse de forma proporcional. Máximo: 8 puntos. Tomarase en consideración os mesmos períodos indicados no criterio de antigüidade para as prazas de Titular de Universidade.
- No caso de empate na suma das puntuacións anteriores, terá prioridade aquel/a profesor/a que primeiro remate o seu contrato como Axudante Doutor/a LOU.
- No caso de presentarse candidaturas para a reserva de prazas para persoas con discapacidade, se o número de candidaturas fose superior ás ofertadas, seguirase a orde establecida nos criterios anteriores. O/A candidato/a que non obteña unha destas prazas reservadas, incluírase na prelación ordinaria no lugar que lle corresponda.

6. Norma final

O resultado desta convocatoria comunicarase aos departamentos afectados, para que realicen os trámites correspondentes.

A Vicerreitoría de Profesorado informará ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

7. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión da execución da oferta de emprego público do ano 2022 do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

O correo da Delegada de Protección de Datos da UDC é dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). Poderanse

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

8. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá o/a interesado interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña

A Coruña, asinado dixitalmente

O reitor

Ricardo Cao Abad

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE, DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE E DE PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

APELIDOS, NOME DO/A PROFESOR/A :	DNI:
CATEGORÍA ACTUAL:	
DATA DA ACREDITACIÓN:	
ÁREA DE COÑECEMENTO:	

2. SOLICITUDE

Solicito a convocatoria dunha praza de:

Catedrático/a de Universidade
 Profesor/a Titular de Universidade
 Profesor/a Permanente Laboral

Conto con certificado I3 e acredito ser/ter sido investigador/a doutor/a que finaliza/finalizou o Programa Ramón y Cajal ou un programa de excelencia, nacional ou internacional.
 Solicito unha praza da reserva para persoas con discapacidade.

Segundo as disposicións contidas no Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (aprobado por acordo do Consello de Goberno do 05/06/2024).

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

Copia simple do certificado de acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade/ Titulares de Universidade/ Profesor/a Contratado/a Doutor/a expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA/CGIACA do resultado favorable da solicitude de acreditación.
 Certificado I3/R3 e acreditación de ser/ter sido investigador/a doutor/a que finaliza/finalízase o Programa Ramón y Cajal ou un programa de excelencia, nacional ou internacional, e, de ser o caso resolución de equiparación emitido pola Secretaría General de Universidades.
 Certificación actualizada do recoñecemento do grao de discapacidade, no caso de candidaturas á reserva de prazas para persoas con discapacidade.
 Autorizo á Universidade da Coruña a publicar, só para os efectos desta convocatoria, os datos relativos á miña antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña, da data da miña acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade/Titulares de Universidade/ Profesor/a Contratado/a Doutor/a, e da miña solicitude dunha praza para persoas con discapacidade, de acordo cos criterios aplicados para a resolución desta convocatoria.

A Coruña/Ferrol, ____ de ____ de 2024
Sinatura

VICERREITORÍA DE PROFESORADO

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO II

Solicitudes admitidas na Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2023 (resolución definitiva do 25/04/2023) e que non puideron convocarse.

A) Solicitudes para prazas de Catedrático/a de Universidade (ordenada alfabeticamente):

Orde	Nome	Área de coñecemento	Rama de coñecemento
1	C V, X M	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	Ciencias Sociais e Xurídicas
2	D G, J M	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras	Enxeñaría e Arquitectura
3	D V, J C	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	Enxeñaría e Arquitectura
4	F M, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos	Enxeñaría e Arquitectura
5	G G, P	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Enxeñaría e Arquitectura
6	L G, S	Linguaxes e Sistemas Informáticos	Enxeñaría e Arquitectura
7	L L, D	Enfermaría	Ciencias da Saúde

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO III

Solicitudes admitidas na Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2023 (resolución definitiva do 25/04/2023) e que non puideron convocarse.

A) Solicitudes para prazas de Profesor/a Titular de Universidade (ordenada alfabeticamente):

Orde	Nome	Área de coñecemento
1	FA, Ó	Tecnoloxía Electrónica

B) Solicitudes para prazas de Profesor/a Permanente Laboral (ordenada alfabeticamente):

Orde	Nome	Área de coñecemento
1	AF, I	Máquinas e Motores Térmicos
2	ÁG, MA	Enxeñaría Telemática
3	BF, MC	Psicoloxía Evolutiva e da Educación
4	BO, R	Máquinas e Motores Térmicos
5	CÁ, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
6	CC, P	Comunicación Audiovisual e Publicidade
7	CG, E	Socioloxía
8	CG, M	Didáctica da expresión Corporal
9	CG, MC	Matemática Aplicada
10	CP, V	Comercialización e Investigación de Empresa
11	EF, C	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
12	FB, MC	Didáctica da Lingua e a Literatura
13	FB, S	Enfermaría
14	FC, AM	Economía Financeira e Contabilidade
15	FD, F	Máquinas e Motores Térmicos
16	FV, C	Enfermaría
17	GB, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
18	GC, MC	Organización de Empresas
19	GM, D	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
20	GS, TF	Didáctica e Organización Escolar
21	JP, E	Enxeñaría de Sistemas e Automática
22	LA, V	Educación Física e Deportiva
23	LCF, AM	Psicoloxía Social
24	LG, M	Comunicación Audiovisual e Publicidade
25	LH, I	Filoloxía Galega e Portuguesa
26	MF, L	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
27	MP, ME	Comercialización e Investigación de Empresa
28	MR, JJ	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
29	MS, V	Organización de Empresas
30	PA, E	Socioloxía
31	PC, JM	Ciencias e Técnicas da Navegación
32	PD, S	Medicina Preventiva e Saúde Pública
33	PG, S	Enfermaría - Podoloxía
34	PG, Y	Didácticas das Ciencias Sociais

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



35	RA, L	Organización de Empresa
36	RD, MP	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
37	RG, L	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
38	RN, FC	Didáctica da Expresión Musical
39	RS, JR	Organización de Empresas
40	SA, N	Comercialización e Investigación de Empresa
41	SB, F	Enfermaría - Podoloxía
42	SC, F	Linguaxes e Sistemas Informáticos
43	SD, A	Ciencias e Técnicas da Navegación
44	SD, D	Dereito Procesual
45	SM, E	Enxeñaría Mecánica
46	SN, D	Linguaxes e Sistemas Informáticos
47	SV, MÁ	Construcións Arquitectónicas
48	VC, D	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial

Código Seguro De Verificación	HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	23/06/2024 16:20:02
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HP/RG0gCk3jaYzeTwNn5kg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

